

COMPOSTELÁNEA

CULTURA OCIO TURISMO / CULTURE LEISURE TOURISM / Nº11 XUÑ 2017

SELVA

Semana do Libro de Compostela
Praza da Quintana
Do 2 ao 11 de xuño

FESTAS DE SAN XOÁN
SAN JUAN | BONFIRE NIGHT

**Compostela + Solidaria, Festa
do Deporte, Galicia Escena Pro,
Compostela Conversa, MICE**

NOSA SEÑORA DAS NUBES
TEATRO | THEATRE



Roteiros para a recollida de herbas de San Xoán e tren para visitar as cacharelas da cidade o día 23 • Actividades en Mazarelos os días 22, 23 e 24
 Área gastronómica • Mercado tradicional • Exhibicións artesanais • Herbas de San Xoán • Obradoiros • Contacontos • Queimada con conxuro • Baile • Música
www.santiagoturismo.com

Promove:



Agradecementos:





En Santiago continuamos co ambiente festivo que deixou a Ascensión para seguir avanzando cara o verán a golpe de celebracións. Xuño arrinca coa primeira Semana do Libro de Compostela, a SELIC, un proxecto diverso e cheo de propostas orixinais que dará conta do potencial literario e editorial da nosa cidade.

Tamén veremos a súa cara máis solidaria e comprometida, aprendendo das ONGDs galegas iniciativas para mudar o mundo desde o local. Os escenarios composteláns encheranse de teatro con *Nosa Señora das Nubes*, *Martes de Carnaval*, o Galicia Escena Pro e as propostas dos clubs de teatro afeccionado dos Centros Socioculturais.

Non vos perdades a gran despedida de temporada da Real Filharmonía de Galicia, os concertos do Día Europeo da Música, as festas dos barrios de San Martiño Pinario ou As Fontiñas, as exposicións e mostras de cinema, a Festa do Deporte...

E cando chegue o 23 de xuño, saltade con brío as cacharelas veciñais para espantar os malos espíritos e recibir o verán, participando das tradicións e ritos desta noite máxica nas festas de San Xoán que do 22 ao 24 ocuparán a praza de Mazarelos.

En Santiago continuamos con el ambiente festivo que dejó la Ascensión para seguir avanzando hacia el verano a golpe de celebraciones. Junio arranca con la primera *Semana do Libro de Compostela*, la SELIC, un proyecto diverso, lleno de propuestas originales que muestran el potencial literario y editorial de nuestra ciudad.

También veremos su cara más solidaria y comprometida, aprendiendo de las ONGDs gallegas iniciativas para cambiar el mundo desde lo local. Los escenarios compostelanos se llenarán de teatro con *Nosa Señora das Nubes*, *Martes de Carnaval*, el Galicia Escena Pro y las propuestas de los clubs de teatro aficionado de los Centros Socioculturales.

No os perdáis la gran despedida de temporada de la Real Filharmonía de Galicia, los conciertos del Día Europeo de la Música, las fiestas de los barrios de San Martiño Pinario o As Fontiñas, las exposiciones y muestras de cine, la Fiesta del Deporte...

Y cuando llegue el 23 de junio, saltad con brío las hogueras vecinales para espantar los malos espíritus y recibir el verano, participando de las tradiciones y ritos de esta noche mágica en las fiestas de San Juan que del 22 al 24 ocuparán la plaza de Mazarelos.

The festive mood of the Ascensión still remains in Santiago as we move on towards the summer in a month full of celebrations. June begins with the first Compostela Book Week, the SELIC, a diverse project, full of original proposals that show the literary and editorial potential of our city.

We will also see its most supportive and committed side, learning initiatives to change the world from the local sphere with the Galician NGOs. The stages and theatres of Compostela will be filled of drama productions with *Nosa Señora das Nubes*, *Martes de Carnaval*, the Galicia Escena Pro and the plays of the amateur theatre clubs of the Sociocultural Centres.

Don't miss the great end of season of the Real Filharmonía de Galicia, the concerts of the European Music Day, the *fiestas* of San Martiño Pinario or As Fontiñas, all the art exhibitions and cinema programmes, the Sports Festival...

And on June 23rd, jump cheerfully over the neighbourhood bonfires to shoo away the evil spirits and welcome the summer. Enjoy the traditions and rituals of this magical night at the festival of Saint John that will take place from the 22nd to the 24th at Praza de Mazarelos.

COMPOSTELÁNEA XUÑO 2017

3 Editorial

4 Reportaxe | Reportaje | Report *SELIC, Semana do Libro de Compostela* SELIC, Compostela Book Week

7 Non perdás... | No te pierdas... | Don't miss...

Teatro e danza / Theatre and Dance
Música / Music
Infantil e familiar / For kids & families
Ocio / Leisure
Cinema / Cinema
Arte / Art

11 Cinema

13 Opinión | Opinion

A SELIC, un sabroso froito comunal. *Paco Macías*

La SELIC, un sabroso fruto comunal | The SELIC, a tasty communal fruit

14 Axenda | Agenda | Agenda

18 Exposicións | Exposiciones | Exhibitions

21 Museos & Monumentos | Museums & Monuments

24 Turisteando | Sightseeing

26 Directorio | Directory

EDICIÓN | EDITION

Concello de Santiago de Compostela

COORDINACIÓN | COORDINATION

Concellaría de Acción Cultural e Turismo de Santiago

IMAXE DE PORTADA | COVER IMAGE

@describir + cenlitrosmetrocadrado,
diseño da imaxe para a SELIC, 2017

DESEÑO / MAQUETACIÓN / TRADUCCIÓN

DESIGN / LAYOUT / TRANSLATION
ekinocio.com

ROTATIVA | ROTARY PRESS

Galicia Editorial SL

DEPÓSITO LEGAL | LEGAL DEPOSIT

C 1198 - 2016

ACCIÓN CULTURAL

Auditorio de Galicia: Avda. Burgo das Nacións, s/n | 981 552 290 |
info@auditoriodegalicia.org

Centro Sociocultural da Trisca: Corredoira das Fraguas, 92 | 981 543 192

Centro Sociocultural das Fontiñas: Rúa Berlín, 13 | 981 528 750

Centro Sociocultural de Conxo: Praza Aurelio Aguirre, 1 | 981 528 740

Centro Sociocultural de Santa Marta: Rúa Antonio Rama Seoane, 6 | 981 543 017

Centro Sociocultural de Vite: Rúa de Carlos Maside, 7 | 981 542 490

Centro Sociocultural do Castiñeirío: Rúa Virxe de Fátima, 1 | 981 542 459

Centro Sociocultural O Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 | 981 543 001

Teatro Principal: Rúa Nova, 21 | 981 542 347 (oficina)
981 542 349 (despacho de billetes) | tprincipal@santiagodecompostela.gal

Zona "C": San Domingos de Bonaval, 1 | 981 552 290

TURISMO

Oficina Central de Información Turística Municipal. Turismo de Santiago

Rúa do Vilar, 63 | (+34) 881 866 397 | santiagooturismo.com | info@santiagooturismo.com
Aberta todo o ano. (Maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-21 h / (Novembro-abril): Lu.-Vi, 9 h-19 h / Sa, Do, festivos, 9 h-14 h / 16 h-19 h | Open all year. High season (May-October): Every day, 9 am-9 pm. (November-April): Mon-Fri 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-14 pm / 16 am-19 pm

Punto de Información Turística Aeroporto de Santiago (Sala A Chegadas)

(+34) 981 897 194 | aeroporto@santiagooturismo.com
(Semana Santa a outubro): Lu.-Do. 9.15 h-17.45 h | (Easter-October): Mon.-Sun. 9.15 am-5.45 pm.

Oficina de Información Turística de Galicia / Xacobeo

Rúa do Vilar, 30-32 | (+34) 881 866 397 - 902 332 010 | turismo.gal | caminodesantiago.gal
Tempada alta (16 abril-15 outubro): Luns-Venres 9 h-20 h | Sábados e festivos 10 h-20 h | Do. 10 h-15 h
High season (16 April-15 October): Mon.-Fri. 9 am-8 pm | Sat. and holidays: 10 am-8 pm | Sun. 10 am-3 pm

Punto de Información Turística Dársena de Autobuses Xoán XXIII

(+34) 981 576 698 | Aberta todo o ano: (maio-outubro): Lu.-Do. 9 h-20 h | (novembro-abril): Lu.-Vi, 9 h-19 h / Sábado, Domingo e fest., 9 h-14 h e 16 h-19 h | Open all year. (May-Oct.): Monday-Sunday 9 am-8 pm. / (November-April): Monday-Friday 9 am-19 pm / Sat, Sun, bank holidays, 9 am-14 pm / 16 am-19 pm

Centro de Acolida ao Peregrino/a | Centro de Acogida al Peregrino/a | Pilgrim's Welcome Office

Rúa de Carretas, 33 | (+34) 981 568 846 | oficinadelaperegrino.com/
Tempada alta (Semana Sta.-out.): Todos os días, 9 h-20 h / Every day, 9 am-8 pm

SELIC

O Concello de Santiago, en colaboración coas editoras e librerías locais, organiza a primeira Semana do Libro de Compostela coa intención de amosar o potencial editorial e literario da nosa cidade. Durante a primeira semana de xuño, unha carpa instalada na Praza da Quintana acollerá as propostas dos axentes do sector que participan, xunto cunha axenda de actividades que pretende transcender o expositivo, xerando propostas que sirvan para impulsar as iniciativas e proxectos colectivos que alí se xesten.

Participarán un total de 36 expositores distribuídos en 32 postos, na súa maior parte editoras e librerías da cidade xunto con algunhas institucións. A SELIC ten como obxectivo aportar a maior diversidade posible aos espazos expositivos bibliográficos especializando os postos.

A programación componse de presentacións de novidades editoriais, concertos, percorridos, obradoiros, grupos de traballo, recitais, clubs de lectura, etc. Unha selección de actividades de distintos intereses, tanto para profesionais do mundo do libro como para o público xeral, que encherán Compostela estes días dun ambiente aínda máis literario que o acostumado.

Semana do Libro de Compostela

DO 2 AO 11 DE XUÑO | PRAZA DA QUINTANA

El Ayuntamiento de Santiago, en colaboración con las editoriales y librerías locales, organiza la primera *Semana do Libro de Compostela* con la intención de mostrar el potencial editorial y literario de nuestra ciudad. Durante la primera semana de junio, una carpa instalada en la Praza da Quintana acogerá las propuestas de los agentes del sector que participan, junto con una agenda de actividades que pretende trascender lo expositivo, generando propuestas que sirvan para impulsar las iniciativas y proyectos colectivos que allí se gesten.

Participarán un total de 36 expositores distribuidos en 32 puestos, en su mayor parte editoriales y librerías de la ciudad junto con algunas instituciones. La SELIC tiene como objetivo aportar la mayor diversidad posible a los espacios expositivos bibliográficos especializando los puestos.

La programación se componen de presentaciones de novedades editoriales, conciertos, recorridos, talleres, grupos de trabajo, recitales, clubs de lectura, etc. Una selección de actividades de distintos intereses, tanto para profesionales del mundo del libro como para el público general, que llenarán Compostela durante estos días de un ambiente aún más literario que de costumbre.

The City Council of Santiago, in collaboration with local publishers and bookshops, has organised the first ‘Compostela Book Week’ in order to show all the publishing and literary potential of our city. During the first week of June, a large tent installed in Praza da Quintana will host the proposals of the sector’s participant agents, along with an agenda of activities that intends to transcend the pure exhibition nature of a usual book fair, generating real proposals to promote the initiatives and collective projects created at the event.

There will be 36 exhibitors in all, distributed in 32 different stands, mostly publishing houses and bookshops from the city, along with several institutions too. One of the purposes of the SELIC is to offer the widest range of bibliographic spaces possible, and for this it has specialised stands.

The programme includes presentations of the latest books and publishing projects, concerts, tours, workshops, poetry reading, work groups, reading clubs, etc. Its large selection of activities for different interests, from professionals of the book world to the general public too, will make Compostela even more literary than the usual for these days.

Espazo presentacións

ESPACIO PRESENTACIONES | PRESENTATION AREA

VENRES 2

- 18.00 h X.A. Perozo: *O enigma de Embívicus*
- 18.30 h Día das Galegas nas Letras
- 19.00 h Maruxa e Coralia
- 19.30 h José Ángel Valente: *Cántigas de Alén*
- 20.00 h Presentación libros SELIC
- 20.30 h Presentación libros SELIC

SÁBADO 3

- 12.00 h Conversa Rita Acevedo e María do Cebreiro
- 18.00 h Dardo Magazine
- 18.30 h Mesa redonda sobre revistas e publicación arte Galicia
- 19.00 h Valentín Carrera: *Mayo Iraní*
- 20.00 h Fernando Cimadevila: Claves para a escrita e a publicación dunha novela
- 21.00 h Carlos Meixide: *CANS*

DOMINGO 4

- 12.30 h Recital de Rosalía Fernández Rial, Noelia Gómez, Alicia Fernández e Ismael Ramos: *No seu despregar*
- 18.00 h X.A. Perozo e Antonio Seijas: *Onde vai Carlos?*
- 20.30 h Martiño Suárez: *Bestiario do Vestiario*

LUNS 5

- 19.00 h Mapa do libro de Santiago
- 19.30 h *Palabras Vivas* recitado con música

MARTES 6

- 17.30 h Papi e Mami libro cd: *Fantasia coas Palabras*
- 18.30 h Paula Carballeira e Xoana Almar: *Volcán. O cabalo salvaxe da illa de Sálvora.*
- 19.30 h Amadeo Goyanes e as zanfonistas de Monforte
- 20.00 h María Canosa: *Cando cae a luz* e María Réimondez: *Corredora*

MÉRCORES 7

- 18.00 h Eduardo Baamonde: Demostración de acuarela
- 19.00 h *Florencio, cego dos Vilares*
- 19.30 h Jorge Emilio Bóveda: *O monstro de Ille*
- 20.30 h M.A. Fernández: *Un blues para Moraima*

XOVES 8

- 18.00 h Blanca Millán: Refraneiro
- 19.00 h Charla-coloquio ‘Traducindo unha lingua en evolución’
- 20.00 h María Meijide: *De Kuala Lumpur a Beijing*
- 20.30 h Franco del Carro: *Insólúbel*
- 21.00 h Proxección do documental *Porta para o exterior*, cos directores Sabela Fernández e José Ramom Pichel

ETAMÉN...

- 20.00 h Rafael Bárez ‘*Poemas del diez de marzo (escritos desde la cárcel)*’, no Ateneo de Santiago. Praza de Salvador Parga, 4

VENRES 9

- 11.00 h *O meu barrio ten un bosque...segredo*
- 12.00 h Directo de Radio Galicia (Cadena Ser): *Hoy por hoy Santiago*
- 18.00 h Tradución das clásicas ao galego, de Mary Wollstonecraft a Virginia Wolf. Celia Recarey Rendo e Alejandro Tobar
- 18.30 h Recital de poesía 5 autoras: Charo Lópes, Lupe Gómez, Rosalía Fernández, Marga Tojo e Antía Otero
- 19.00 h Marilar Aleixandre: *Ali Babá. Morxiana e os corenta usureiros*
- 19.30 h Isidro Novo: *O tabú na trastenda*
- 20.00 h Ariel Ninas e a zanfona: recital *Entre baleas* poemas de Eduardo Estévez: *Balea2* e Estevo Creus: *Baleas*

Para percorrer

PARA RECORRER | TOURING THE CITY

A axenda conta ademais cuns itinerarios para achegarse a outras realidades culturais que tamén atopamos recollidas nos libros. Arte, natureza, etnografía ou localizacións das novelas baseadas en Compostela; son algunhas das propostas coas que coñecer outra parte de Santiago e tamén a aqueles que atoparon nesta cidade, ou nos libros, a inspiración para crear as súas obras.

La agenda cuenta además con unos itinerarios para acercarse a otras realidades culturales que también encontramos recogidas en los libros. Arte, naturaleza, etnografía o localizaciones de las novelas basadas en Compostela; son algunas de las propuestas con las que conocer otra parte de Santiago y también a aquellos que encontraron en esta ciudad, o en los libros, la inspiración para crear sus obras.

The agenda also includes itineraries to approach other cultural realities that are also found in books. Art, nature, ethnography or locations of novels based in Compostela; are some of the proposals to see another side of Santiago and get to know more about those who found in this city, or in books, the inspiration to create their work.

Infantil e familiar

INFANTIL Y FAMILIAR | FOR KIDS AND FAMILIES

Na SELIC hai tamén unha programación específica para os máis pequenos. Concertos, contacontos e obradoiros relacionados coas novas propostas editoriais para nenos e nenas, ademais dun espazo de animación infantil que ofrece facilidades para a asistencia de público familiar en horario de 12.00 a 14.00 h os sábados e diariamente de 17.00 a 19.00 h.

En la SELIC hay también una programación específica para los más pequeños. Conciertos, cuentacuentos y talleres relacionados con las nuevas propuestas editoriales para niños y niñas, además de un espacio de animación infantil que ofrece facilidades para la asistencia de público familiar en horario de 12.00 a 14.00 h los sábados y diariamente de 17.00 a 19.00 h.

The SELIC also has specific activities for children. Concerts, storytelling and workshops related to the latest publishing projects for kids, as well as an entertainment area that offers facilities for families who wish to attend the event from 12 to 2 pm on Saturdays and daily from 5 to 7 pm.

SÁBADO 10

- 12.00 h** Club de lectura *Despois da medianoite de Salma*
- 13.00 h** Premio A. Risco. Lit. Fantástica Antonio Fraga: *Querido Lovecraft*
- 17.30 h** Antonio M. Fraga: *A virxe das areas*
- 18.00 h** Tradución María Reimóndez
- 19.00 h** Alfonso Blanco: *Do Latín ao galego... tamén na literatura; ou, motivos para traducir ficción dende o latín*
- 20.00 h** Lugris en Compostela. Arte e letras
- 20.30 h** Marga Tojo: *Últimos brúidos*
- 21.00 h** Concerto EMPA (Central Folque)

DOMINGO 11

- 17.30 h** As Maimiñas libro cd: *Volta, revolta e reviravolta*
- 18.30 h** Varios: *Elisa no mundo das marabillas*
- 19.00 h** Mullerenaxe: Maruja Mallo. Enrique Mauricio e Carlos Taboada
- 20.00 h** Óscar Ibáñez: *Xoan Tilve Gaiteiro de Campaño*
- 20.30 h** Rosalía Fernández Rial: *Aulas sen paredes*

SÁBADO 3

Visita a DIDAC
Visita guiada á exposición do artista lalinense Misha Bies Golas en DIDAC
12.00 H | DIDAC (RUA PÉREZ COSTANTI, 12) 45 MIN. | INSCRICIÓN PREVIA NO POSTO DE DARDO NA SELIC

Inge e Robbie

A novela de Carlos Meixide propón unha viaxe ao corazón da escuridade compostelá. Repasaremos o percorrido dos protagonistas pola noite santiaguesa co autor
22.30 H | PRAZA DA QUINTANA. TOTEM SELIC | 90 MIN.

DOMINGO 4

Percorrido botánico
Percorrido natural pola Alameda de Santiago guiado polo biólogo Martín Souto, coautor da *Guía verde de Santiago*
12.00 H | PRAZA DA QUINTANA. TOTEM SELIC | 75 MIN.

XOVES 8

Visita guiada ao Museo do Pobo Galego
Percorrido guiado polas principais salas do Museo do Pobo
17.00 H | PRAZA DA QUINTANA. TOTEM SELIC | 90 MIN.
LIMITADO A 25 PERSOAS POR ORDE DE CHEGADA

VENRES 9

Itinerario troiano
Ruta guiada dramatizada até a Casa da Troia
20.30 H | MONUMENTO A ROSALÍA DE CASTRO DA ALAMEDA | 90 MIN.

SÁBADO 10

Manifestación surrealista
Manifestación surrealista en defensa da obra compostelá de Urbano Lugrís, irá da Praza da Quintana ata a porta Faxeira
19.00 H | PRAZA DA QUINTANA. TOTEM SELIC | 60 MIN.

Espazo de animación infantil

Actividades lúdicas conducidas por unha monitora
SÁBADO 3 | 12.00 A 14.00
LUNS 5, MARTES 6, MÉRCORES 7, XOVES 8, E VENRES 9 | 17.00 H. A 19.00 H

Terra de libros

As/os participantes recrean contos a partir de personaxes do mundo dos libros. Cada sesión é independente. Dirixido a maiores de 5 anos
SÁBADO 3 E DOMINGO 4 | 17.30 A 19.30 H
SÁBADO 10 | 12.00 A 14.00 H E DE 17.30 A 19.30 H
DOMINGO 11 | 12.00 A 14.00 H
LIMITADOS A 25 PERSOAS POR SESIÓN (POR ORDE DE CHEGADA)

Conto porque me toca

Conto ilustrado realizado colectivamente sobre o Camiño de Santiago seguindo as pautas do xogo da oca. Cada unha das sesións é independente. Destinado a rapazada de 6 a 10 anos
SÁBADO 3, MÉRCORES 7, XOVES 8, VENRES 9 E SÁBADO 10 | 17.30 A 19.00 H | PUNTO DE ENCONTRO NA ENTRADA DO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO ÁS 17.20 H | ABERTO ATA COMPLETAR AS 20 PRAZAS DE CADA SESIÓN

A nena e o grilo nun barquiño

Concerto de Magín Blanco
Recomendado para menores de 12 anos
DOMINGO 4 | 12.00 H | TEATRO PRINCIPAL

Macrobloco do Batebatuke

Ruada de percusión organizada por Trópico de Grelos
DOMINGO 4 | 13.00 H | PRAZA DAS PRATERÍAS

Contacontos *Onde vai Carlos?*

Contacontos a cargo de María Lado
Recomendado para maiores de 5 anos
DOMINGO 4 | 18.30 H | ESPAZO PRESENTACIÓNS

Presentación - concerto Papi e Mami

Presentación do libro-cd *Fantasia coas palabras*
Recomendado a menores 10 anos
MARTES 6 | 17.30 H | ESPAZO PRESENTACIÓNS

Obradoiro de iniciación á Regueifa para crianzas

A cargo de Séchu Sende, coa colaboración do Clube de Regueifa da Escola de Ensino Galego Semente
Para crianzas de catro a dez anos
XOVES 8 | 17.30 H | ESPAZO PRESENTACIÓNS

Presentación - concerto As maimiñas

Presentación do libro-cd *Volta, revolta e reviravolta*
Recomendado a menores 10 anos
DOMINGO 11 | 17.30 H | ESPAZO PRESENTACIÓNS

As raíces na pedra

Obradoiro de muiñeira a cargo de Colexiata de Sar
Recomendado para toda a familia
DOMINGO 11 | 17.00 H | PRAZA DAS PRATERÍAS



Horarios | Opening hours

Venres 2 | Friday 2nd: **16.00 - 22.00 h**
Sábado 3 e domingo 4 | Saturday 3rd & Sunday 4th: **11.00 - 23.00 h**
Luns 5 a xoves 8 | Monday 5th to Thrusday 8th: **16.00 - 22.00 h**
Venres 9 e sábado 10 | Friday 9th & Saturday 10th: **11:00 - 23.00 h**
Domingo 11 | Sunday 11th: **11.00 - 21.00 h**

Programación suxeita a posibles modificacións.
Programación sujeta a posibles modificaciones.
The dates and programme may be subject to changes.
compostelacapitalcultural.gal / santiagoturismo.com

Compostela + SOLIDARIA

23 MAIO - 16 XUÑO



Durante este mes tamén poderás participar nas actividades que aínda restan do programa de sensibilización que poñen en marcha o concello de Santiago e a Coordinadora Galega de ONGD. Máis de 30 actividades pola defensa dos Dereitos Humanos. Obradoiros, cine documental, exposicións, charlas e mesmo unha feira; darán conta da realidade dos países empobrecidos, o traballo das ONGD galegas e as alternativas solidarias e xustas que desde o local contribúen a mudar o mundo. Todas as actividades serán de balde e levaranse a cabo nos Centros Socioculturais da cidade.

Durante este mes también podrás participar en las actividades que aún restan del programa de sensibilización que ponen en marcha el ayuntamiento de Santiago y la Coordinadora Galega de ONGD. Más de 30 actividades por la defensa de los Derechos Humanos. Talleres, cine documental, exposiciones, charlas y también una feria; darán cuenta de la realidad de los países empobrecidos, el trabajo de las ONGD gallegas y las alternativas solidarias y justas que desde lo local contribuyen a cambiar el mundo. Todas las actividades serán gratuitas y se llevarán a cabo en los Centros Socioculturales de la ciudad.

For the next two weeks, you can join the remaining activities of the programme the City Council of Santiago and the Coordinadora Galega of ONGD have created to raise awareness about the reality of the impoverished countries; and also get to know what the Galician NGOs are developing and the supportive and fair alternatives they propose to help change the world from the local sphere. The Sociocultural Centres of Santiago will host over 30 free activities for the defence of Human Rights, including workshops, documentary films, exhibitions, talks... and even a fair trade market at the Praza Roxa.

FEIRA SOLIDARIA

FERIA SOLIDARIA | FAIR TRADE MARKET

VENRES 16 | 11.00 - 20.30 H | Praza Roxa

Ao longo do día, haberá actividades e postos de venda de produtos de comercio xusto e puntos de información.

11.00-14.00 h

Actividades dirixidas a nenos e nenas dos centros educativos de Compostela.

17.00-20.30 h

Actividades abertas para todas as idades:

- Obradoiro de construción dun forno solar
- Xogos para aprender a consumir responsablemente
- Xogos cooperativos
- Obradoiro de construción de biofiltros, unha bomba de mecate con materiais reutilizables
- Elaboración de chapas
- Mapamundi xigante: coñezamos o mundo!

ACTIVIDADES

ACTIVITIES

XOVES 1

Obradoiro de repostaría infantil 'Coñecer o comercio xusto a través da cociña'.
Solidariedade Internacional de Galicia
18.30 H | CSC VITE | DE 6 A 12 ANOS

VENRES 2

Obradoiro sobre xénero 'O baúl de Frida'.
Asemblea de Cooperación pola Paz
19.15 H | CSC CONXO | DE 8 A 12 ANOS

Charla interactiva de sensibilización intercultural 'Un migrante na rúa'.
Accem Galicia xunto con Square-Migrantes
19.30 H | LSC PONTEPEDRIÑA | TODOS OS PÚBLICOS

SÁBADO 3

Cine para desaprender a violencia,
proxección de Brave. Educo
18.00 H | CSC STA MARTA | DE 5 A 9 ANOS

LUNS 5

Charla sobre a exposición fotográfica
'Destino Incerto'. Terra de Homes
19.00 H | CSC TRISCA | TODOS OS PÚBLICOS

Obradoiro de banda deseñada 'Dominicanas
somos'. Asemblea de Cooperación pola Paz
19.00 H | BIBLIOTECA ÁNXEL CASAL | A PARTIR DE 12 ANOS

MÉRCORES 7

Charla sobre a exposición 'Desigualdade e
paraísos fiscais'. FISC
19.30 H | CSC FONTIÑAS | TODOS OS PÚBLICOS

VENRES 9

Proxección do documental 'Educar para o
cambio'. Educo
19.00 H | LSC PONTEPEDRIÑA | TODOS OS PÚBLICOS

SÁBADO 10

Obradoiro de Ciberactivismo. Ecos do Sur
11.30 H | CSC O ENSANCHE | A PARTIR DE 16 ANOS

Obradoiro sobre xénero 'O baúl de Frida'.
Asemblea de Cooperación pola Paz
17.30 H | LSC SAN LORENZO | DE 8 A 12 ANOS

LUNS 12

Charla 'Refuxiad@s e olvidad@s'. Entreculturas
19.00 H | PAZO DE FONSECA | TODOS OS PÚBLICOS

MARTES 13

Contacontos da man de Solidariedade
Internacional Galicia
19.00 H | LSC CARDENAL QUIROGA | A PARTIR DE 5 ANOS

MÉRCORES 14

Contacontos da man de Solidariedade
Internacional Galicia
19.00 H | CSC FONTIÑAS | A PARTIR DE 5 ANOS

XOVES 15

Charla 'Xénero e saúde'. Farmamundi
19.30 H | CSC STA MARTA | TODOS OS PÚBLICOS

MOSTRA DE CINE DOCUMENTAL

MUESTRA DE CINE DOCUMENTAL |
DOCUMENTARY FILM FESTIVAL

Centro Sociocultural O Ensanche

XOVES 1

Derecho a un techito
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios
19.30 H | A PARTIR DE 16 ANOS | 25 MINUTOS

MARTES 6

Distric Zero
Jorge Fernández Mayoral, Pablo Tosco, Pablo Iraburu
19.30 H | TODOS OS PÚBLICOS | 65 MINUTOS

XOVES 8

India, a farmacia do mundo
Yasmina Solanes
19.30 H | A PARTIR DE 16 ANOS | 30 MINUTOS

MARTES 13

Historias para contar
Mirada Feminista
19.30 H | A PARTIR DE 16 ANOS | 23 MINUTOS

XOVES 15

9 días en Haití
Dirixida por J.A. Bayona
19.30 H | TODOS OS PÚBLICOS | 37 MINUTOS

EXPOSICIÓNS

EXPOSICIONES | EXHIBITIONS

Un migrante na rúa
Square-Migrantes
DO 23 DE MAIO AO 18 DE XUÑO | FUNDACIÓN GRANELL

Xénero e saúde. Equidade e dereito
Farmamundi
DO 29 DE MAIO AO 16 DE XUÑO | CSC STA MARTA

Protagonistas do cambio
EDUCO
DO 29 DE MAIO AO 16 DE XUÑO | LSC PONTEPEDRIÑA

Desigualdade - fiscalidade
Oxfam Intermon
DO 29 DE MAIO AO 16 DE XUÑO | LSC SAR

Somos Migrantes
Entreculturas
DO 1 AO 16 DE XUÑO | PAZO DE FONSECA

As mulleres alimentan o mundo
Solidariedade Internacional Galicia
DO 1 AO 16 DE XUÑO | CSC VITE

Comercio con sentido
Solidariedade Internacional
DO 1 AO 16 DE XUÑO | CSC CONXO

Destino Incerto
Terra de Homes
DO 5 AO 11 DE XUÑO | CSC TRISCA

Desigualdade e paraísos fiscais
FISC
DO 6 AO 17 DE XUÑO | CSC FONTIÑAS

TEATRO THEATRE

+ info: compostelacapitalcultural.gal

10 euros
Descontos
habituais
do 50%*

A man and a woman in period costumes standing in a dark, atmospheric setting.

NOSA SEÑORA DAS NUBES

TEATRO DO MORCEGO

8-9 XUÑO
Teatro Principal
20.30 h

Texto: Aristides Vargas
Dirección: Celso Parada
Intérpretes: Celso Parada, Josi Lage,
Mundo Villalustre e Pablo Costas

A obra céntrase no encontro de dous personaxes expatriados nun espazo e tempo indeterminado. Por medio de lembranzas confusas e memorias fragmentadas os personaxes buscan recuperar as historias vividas na súa patria, a remota Nosa Señora das Nubes.

Un texto poético e cheo de humor que nos fai reflexionar sobre as ditaduras, as guerras, o exilio e o desarraigo tan presentes no noso tempo. Resultou gañadora de 2 premios internacionais como mellor obra de teatro en Cuba e España e tivo 3 nominacións ao Premio Municipal Caracas 2014.

La obra se centra en el encuentro de dos personajes expatriados en un espacio y tiempo indeterminado. Por medio de recuerdos confusos y memorias fragmentadas los personajes buscan recuperar las historias vividas en su patria, la remota Nuestra Señora de las Nubes. Un texto poético y lleno de humor que nos hace reflexionar sobre las dictaduras, las guerras, el exilio y el desarraigo tan presentes en nuestro tiempo. Resultó ganadora de 2 premios internacionales como mejor obra de teatro en Cuba y España y tuvo 3 nominaciones al Premio Municipal Caracas 2014.

The play focuses on the encounter, at an undetermined place and time, of two expatriates, who will try to recover the moments they lived at their homeland, the remote Our Lady of the Clouds, going through their confused and fragmented memories. A poetical text, full of humour, that makes us reflect about dictatorships, wars, exile and the alienation of our own time. It achieved two international awards as best play in Cuba and Spain and had 3 nominations at the Municipal Award Caracas 2014.

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de martes-sábado (+ días de evento), 18.00-21.00 h / entradas.abanca.com e 902 434 443 * Descontos do 50% para os seguintes colectivos: desempregados, maiores de 65 anos, xubilados, menores de 25 anos, estudantes, familias monoparentais, familias numerosas, perceptores de rendas sociais



GALICIA ESCENA PRO MERCADO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS

12-15 XUÑO

A entrada é libre para o público xeral se o aforo non se completa coa asistencia de profesionais. Poden retirarse as entradas dispoñibles na billeteira de cada un dos espazos desde 1 hora antes do comezo das funcións.

Os espazos escénicos de Compostela acollerán 20 espectáculos de recente produción e un programa de actividades paralelas, para dar conta da realidade do sector, durante este cuarto encontro profesional que organiza a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Los espacios escénicos de Compostela acogerán 20 espectáculos de reciente producción y un programa de actividades paralelas, para dar cuenta de la realidad del sector, durante la celebración de este cuarto encuentro profesional que organiza la Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Compostela's scenic venues will host 20 recent productions and a parallel programme of activities, providing a vision of the reality of this sector, during the celebration of this fourth professional network organized by the Galician Agency of Cultural Industries (AGADIC).

PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DO GALICIA ESCENA PRO 2017

LUNS 12

'Redondo', Caramuxo Teatro
11.30 H | SGAE (SALA 2) | INFANTIL

'Íntimo, a viaxe da miña vida', Mago Teto
12.15 H | SGAE (SALA GERMÁN COPPINI) | INFANTIL

'Penal de Ocaña', Nao d'amores
17.30 H | AUDITORIO ABANCA

'Estado de grazra', Teatro do Noroeste



19.30 H | TEATRO PRINCIPAL

'Tropical', Elefante Elegante
22.30 H | SALÓN TEATRO

MARTES 13

'Rubicundo', Ghazafellos
11.30 H | SGAE (SALA GERMÁN COPPINI) | INFANTIL

'Emoticores', Las Tricotouses
12.15 H | SALÓN TEATRO | INFANTIL

'A noiva de Don Quixote', eme2produccións
17.30 H | AUDITORIO ABANCA

'Normas para saber vivir na sociedade actual', Sarabela Teatro
19.30 H | TEATRO PRINCIPAL

'Ulises e a nena durmida, segunda travesía' Ánxela Blanco
22.30 H | SALÓN TEATRO

'Concerto singular (e plural)', Píscore
00.00 H | CASA DAS CRECHAS

MÉRCORES 14

'O faiado', Teatro ó cubo
11.00 H | SGAE (SALA 2) | INFANTIL

'Pum, pum!', Baobab Teatro
12.15 H | SGAE (SALA GERMÁN COPPINI) | INFANTIL

'El apartamento', Cirk About It
17.30 H | AUDITORIO ABANCA

'Outono', Pistacatro Productora de Sonos
19.30 H | TEATRO PRINCIPAL

'Resaca', ilMaquinario Teatro
22.30 H | SALÓN TEATRO

XOVES 15

'A nena que quería navegar', Redrum Teatro



11.00 H | SGAE (SALA GERMÁN COPPINI) | INFANTIL

'Castrapo', Os Náufragos Teatro
17.30 H | AUDITORIO ABANCA

'Ubú Rei', Talía Teatro
19.30 H | TEATRO PRINCIPAL

'Helena: xuízo a unha lurpia', Teatro do Atlántico
22.30 H | SALÓN TEATRO

+ info: galiciaescenapro.gal

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



PECHE DE TEMPORADA DE ABONO 1 XUÑO

Paul Daniel, director
Abe Rábade, piano
Naroa Intxausti, soprano
Marta Infante, mezzosoprano
Enrique Ferrer, tenor
Isaac Galán, barítono
Orfeón Terra a Nosa, dirixido por Miro Moreira
Coro de rapaces da Escola Municipal de Música

PROGRAMA | PROGRAMME

Abe Rábade - *Tempos Velados* (ESTREA ABSOLUTA)
L. v. Beethoven - *Sinfonía núm. 9 en re menor op. 125*

Ás 19.45 h | Conversando con Paul Daniel e Abe Rábade

**20.30 h | Auditorio de Galicia | 18 € (cos
DESCONTOS HABITUAIS DO 50%)***

DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI, A TÚA!

2 XUÑO

Paul Daniel, director
Naroa Intxausti, soprano
Marta Infante, mezzosoprano
Enrique Ferrer, tenor
Isaac Galán, barítono
Orfeón Terra a Nosa, dirixido por Miro Moreira

PROGRAMA | PROGRAMME

L. v. Beethoven - *Sinfonía núm. 9 en re menor op. 125*

**18.30 h | Auditorio de Galicia | 5€. Coa entrada
mercada, os menores de 14 anos disporán de 2
entradas de balde**

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

1 XUÑO

‘En Praterías coa Banda’

Casiano Mouriño Maquieira, director
20.00 h | Praza das Praterías | Acceso libre

3 XUÑO

‘50 ANOS ALÓ’

Festas Barrio de San Martiño Pinario
Casiano Mouriño Maquieira, director
20.00 h | Praza de San Martín Pinario | Acceso libre

8 XUÑO

‘L’arlesienne de Bizet’

Casiano Mouriño Maquieira, director
20.00 h | Praza das Praterías | Acceso libre

11 XUÑO

Festas Barrio do Castiñeiríño

Casiano Mouriño Maquieira, director
13.00 h | Campo da Festa | Acceso libre

15 XUÑO

‘Banda e Gaita’

Casiano Mouriño Maquieira, director
Pablo Dalama e Xesús Rodríguez, gaiteiros
20.00 h | Praza de Praterías | Acceso libre

22 XUÑO

‘Sonidos Mexicanos’

Patricio Méndez Garrido, director
20.00 h | Praza de Praterías | Acceso libre

29 XUÑO

BMSC & Emilio Rúa

Casiano Mouriño Maquieira, director
20.00 h | Praza de Praterías | Acceso libre



DELAFÉ

Óscar D’Aniello presenta o seu primeiro disco en solitario ‘La fuerza indescriptible’, un traballo vitalista cun abano amplo de estilos musicais: pop, hip-hop, soul, funk, electro e disco.

Óscar D’Aniello presenta su primer disco en solitario ‘La fuerza indescriptible’, un trabajo vitalista con un amplio abanico de estilos musicales: pop, hip-hop, soul, funk, electro y disco.

Óscar D’Aniello presents his first solo album ‘La fuerza indescriptible’, a vitalist work with a wide range of musical styles: pop, hip-hop, soul, funk, electro and disco.

**2 XUÑO | Riquela Club | 21.00 h
12 € (+gastos) anticipada / 16 € billeteira**



THE LÁKAZANS

Goza dos temas propios e as versións de clásicos do blues, soul, country e rock & roll que fai esta desenfadada banda de amigos. A diversión e o bo ritmo están garantidos nas súas actuacións.

Disfruta de los temas propios y las versiones de clásicos del blues, soul, country y rock & roll que hace esta desenfadada banda de amigos. La diversión y el buen ritmo están garantizados en sus actuaciones.

Enjoy the songs and blues, soul, country and rock & roll covers of this lively local band of friends. Fun and lots of rhythm are guaranteed at their gigs.

**10 XUÑO | Sala Sónar | 22.30 h
5 € billeteira**



QUIQUE GONZÁLEZ Y LOS DETECTIVES

O artista madrileño ven presentar o seu novo disco ‘Me mata si me necesitas’, o décimo dunha carreira imparabile que comezaba en 1998.

El artista madrileño viene a presentar su nuevo disco ‘Me mata si me necesitas’, el décimo de una carrera imparabile que comenzaba en 1998.

The artist from Madrid comes to present his new album ‘Me mata si me necesitas’, the tenth one of an unstoppable career he began in 1998.

**16 XUÑO | Sala Capitol | 21.00 h
25 € (+gastos) anticipada / 30 € billeteira**

COMPOSTELA CONVERSA



Os deseñadores e membros das bandas participantes Igor Casayjardín e Hugo Santeiro falarán de deseño aplicado a concertos, discos e bandas, afondando na súa visión e experiencia persoal.

Guerrera nace a finais de 2009, cando Hugo, Álex e Luis comezan a ensaiar como trío de 2 guitarras e batería centrando a súa música no blues rock, o stoner e a psicodelia do anos 70.

Totale son punks xogando a facer pop romántico con sintetizadores analóxicos, un dúo de minimal-wave formado en Madrid por Jorge Mills e Igor Casayjardín.

GUERRERA CONVERSAN CON TOTALE

DESEÑO APLICADO A BANDAS

**25 XUÑO
Teatro Principal
20.00 h**

10 euros
Descontos
habituais
do 50%*

Los diseñadores y miembros de las bandas participantes Igor Casayjardín y Hugo Santeiro hablarán de diseño aplicado a conciertos, discos y bandas, profundizando en su visión y experiencia personal. Guerrera nace a finales de 2009, cuando Hugo, Álex y Luis comienzan a ensayar como trío de 2 guitarras y batería centrando su música en el blues rock, el stoner y la psicodelia de los años 70. Totale son punks jugando a hacer pop romántico con sintetizadores analógicos, un dúo de minimal-wave formado en Madrid por Jorge Mills e Igor Casayjardín.

The designers and members of the bands Igor Casayjardín and Hugo Santeiro will talk about design applied to concerts, records and bands, delving into their vision and personal experience. Guerrera was created in 2009, when Hugo, Álex and Luis began to rehearse as a trio of 2 guitars and drummer focusing on blues rock, stoner and psychedelia from the 70s. Totale are punks playing to make romantic pop with analogue synthesizers, a minimal-wave duo formed in Madrid by Jorge Mills and Igor Casayjardín.

Entradas | Tickets: Teatro Principal, de mar.-sáb. (+ días de evento), 18.00-21.00 h / Auditorio de Galicia desde as 18.00 h (día de evento) / entradas.abanca.com / 902 434 443 * Descontos do 50% para os seguintes colectivos: desempregados, maiores de 65 anos, xubilados, menores de 25 anos, estudantes, familias monoparentais, familias numerosas,



SINIESTRO TOTAL
NA CIDADE DA CULTURA

DÍA EUROPEO DA MÚSICA CELEBRACIÓNS

O 21 de xuño celébrase o Día Europeo da Música e as distintas institucións, entidades e programadores da cidade organizarán distintas actividades musicais para conmemoralo. Estade pendentes porque arredor desa data irán xurdindo concertos e actuacións.

Por agora podedes anotar o concerto de balde que dará Siniestro Total, o 17 de xuño na Cidade da Cultura. A formación liderada por Julián Hernández actuará no escenario da praza central ás 21.00 h. Soarán algúns temas do seu último disco 'El mundo da vueltas', e tamén outros clásicos como *Bailaré sobre tu tumba*, *Ayatollah* ou *Miña Terra Galega*.

No Museo do Pobo Galego terá lugar a celebración do concerto de fin de curso da Escola de Música Play. Será o propio 21 de xuño ás 6 da tarde, e tamén de xeito gratuito.

El 21 de junio se celebra el Día Europeo de la Música y las distintas instituciones, entidades y programadores de la ciudad organizarán actividades musicales para conmemorarlo. Estad atentos porque alrededor de esa fecha irán surgiendo conciertos y actuaciones que merecerán la pena.

Por ahora podéis anotar el concierto gratuito que dará Siniestro Total, el 17 de junio en la Cidade da Cultura. La formación liderada por Julián Hernández actuará en el escenario de la plaza central a las 21.00 h. Sonarán algunos temas de su último disco 'El mundo da vueltas', y también otros clásicos como *Bailaré sobre tu tumba*, *Ayatollah* o *Miña Terra Galega*.

En el Museo do Pobo Galego tendrá lugar a celebración del concierto de fin de curso de la Escuela de Música Play. Será el propio 21 de junio a las 6 de la tarde, y también de manera gratuita.

June 21 European Music Day and the different institutions, entities and programmers of the city will organize musical activities to commemorate it. Stay tuned because around that date concerts and performances will come up.

For now, you can note down the free concert that Siniestro Total will give, on June 17 at the Cidade da Cultura. The band led by Julián Hernández will perform on the stage of the central square at 9 pm. They will play songs from their latest album 'El mundo da vueltas', and also other classics such as *Bailaré sobre tu tumba*, *Ayatollah* or *Miña Terra Galega*.

The Museo do Pobo Galego will hold the last term concert of Play Music School. It will be on June 21, at 6 pm, and also for free.



Ilustración ©Carlos Arrojo
para o cartel de San Xoán

*Salto por riba do lume de san Xoán,
para que non me trabe cadela nin can
nin bicho vivinte que ande polo chan!*

SAN XOÁN FESTA E FESTIVAL

22-24 XUÑO
Praza de Mazarelos

Compostela recibe o verán, como é tradicional en Galicia, celebrando a noite de San Xoán. As cacharelas veciñais iluminarán as prazas e barrios da cidade, que se encherán da mística e maxia dos rituais desta noite tan especial e do aroma das sardiña asadas que pingarán o pan.

Por segundo ano consecutivo, do 22 ao 24 de xuño, Turismo de Santiago organiza na praza de Mazarelos un festival para poñer en valor as tradicións e rituais galegos propios destas datas de estío.

Un mercado tradicional, cunha atraente zona de degustación para gozar dos produtos de tempada, e unha morea de actividades e obradoiros nos achegarán ao verdadeiro espírito da celebración do verán: roteiros de recollida das herbas de San Xoán, tren gratuito polas cacharelas, exhibicións de cestería, obradoiros de baile tradicional, contacontos sobre mitos e lendas de meigas e feitizos, música, conxuro da queimada, etc...

E non vos perdades, na tarde do xoves 22, a chegada a Santiago do "Lume Sagrado" do Pico Sacro, escoltado pola raíña celta Alda e o seu séquito. Este acto simbólico, organizado coa colaboración do Concello de Boqueixón e a Asociación do Castro da Fervenza de Callobre (A Estrada), recupera a celebración pagá do solsticio coa obtención do lume por medios naturais. O facho ficará en Mazarelos a disposición daqueles que queiran prender as súas fogueiras con el.



Compostela recibe el verano, como es tradicional en Galicia, celebrando la noche de San Juan. Las hogueras vecinales iluminarán las plazas y barrios de la ciudad, cubiertas de la mística y magia de los rituales de esta noche tan especial y del aroma de las sardinas asadas que mojan el pan.

Por segundo año consecutivo, del 22 al 24 de junio, Turismo de Santiago organiza en la plaza de Mazarelos un festival para poner en valor las tradiciones y rituales gallegos propios de estas fechas de estío.

Un mercado tradicional, con una atractiva zona de degustación para disfrutar de los productos de temporada, y un variado surtido de actividades y talleres para todas las edades, nos acercarán al verdadero espíritu de la celebración del verano: rutas de recogida de las hierbas de San Juan, tren gratuito por las hogueras, exhibiciones de cestería, talleres de baile tradicional, cuentacuentos sobre mitos y leyendas de 'meigas' y hechizos, música, conjuro de la *queimada*, etc...

Y no os perdáis, en la tarde del jueves 22, la llegada a Santiago del 'Fuego Sagrado' del Pico Sacro, escoltado por la reina celta Alda y su séquito. Este acto simbólico, organizado con la colaboración del Ayuntamiento de Boqueixón y la Asociación do Castro da Fervenza de Callobre (A Estrada), recupera la celebración pagana del solsticio con la obtención del fuego por medios naturales. El fuego permanecerá en Mazarelos a disposición de aquellos que quieran encender sus hogueras con él.



Compostela welcomes summer celebrating St. John's Bonfire Night, as it is custom all over Galicia. The city squares will light up with the bonfires of many neighbourhoods, immersed in the mystique and magic of this special night's rituals and the scent of the grilled sardines dripping on fresh bread, a traditional bite at this celebration.

For the second consecutive year, from the 22nd to the 24th of June, the Plaza de Mazarelos holds a festival organised by Turismo de Santiago to promote the typical Galician customs and rituals of this time of the year.

A traditional market, with an appealing tasting area to enjoy the seasonal products, and many activities and workshops for all ages, will bring us closer to the true spirit of the summer celebration: routes to collect St. John's wort and other herbs, free train along the city's bonfires, basketmaking exhibitions, traditional dance lessons, storytelling about myths and legends of 'meigas' (spirits, witches), music, spell of the 'queimada' (drink made of moonshine), etc ...

And on Thursday 22nd afternoon, don't miss the arrival of the 'Sacred Fire' from the Pico Sacro (Sacred Peak), escorted by the Celtic queen Alda and her procession. This symbolic act, organized with the collaboration of the City Council of Boqueixón and the Association of Castro da Fervenza de Callobre (A Estrada), recovers the pagan celebration of the solstice with the achievement of fire by natural means. The torch will remain in Mazarelos at the disposal of those who wish to light their bonfires with it.



12 MICE

MOSTRA INTERNACIONAL DE
CINEMA ETNOGRÁFICO

29 MAIO - 3 XUÑO
Museo do Pobo Galego

A Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego procura dar a coñecer traballos audiovisuais recentes no campo da etnografía e a antropoloxía visual. Nesta duodécima edición, ademais da sección competitiva, haberá espazos para a historia do cinema etnográfico, para debater sobre as relacións do cine coa antropoloxía, e para coñecer os traballos dalgunhas realizadoras neste campo.

As proxeccións terán lugar no propio Museo do Pobo Galego, o Salón Teatro e o Teatro Principal. Consulta a programación na páx. 14, ou directamente na web do Museo. A entrada a todas elas é de balde recolléndoa previamente nas billeteiras do Salón Teatro e Teatro Principal. As sesións no Museo son de acceso libre ata completar aforo.

La Mostra Internacional de Cinema Etnográfico del Museo do Pobo Galego busca dar a conocer trabajos audiovisuales recientes en el campo de la etnografía y la antropología visual. En esta duodécima edición, además de la sección competitiva, habrá espacios para la historia del cine etnográfico, para debatir sobre las relaciones del cine con la antropología, y para conocer los trabajos de algunas realizadoras en este campo.

Las proyecciones tendrán lugar en el propio Museo do Pobo Galego, el Salón Teatro y el Teatro Principal. Puedes consultar la programación en la pág. 14 o en la página del propio Museo. La entrada es gratuita a todas ellas, recogiéndola previamente en las taquillas del Salón Teatro y Teatro Principal. Las sesiones en el Museo son de acceso libre hasta completar aforo.

The International Ethnographic Film Festival of the Museo do Pobo Galego presents recent audiovisual works in the field of ethnography and visual anthropology. For this twelfth edition, in addition to the competitive section, it will include sections of the history of ethnographic cinema, an opportunity to discuss the relations of cinema with anthropology, and to get to know the work of some female filmmakers in this field.

Screenings will take place at the Museo do Pobo Galego, the Salón Teatro and the Teatro Principal. You can check the programming on p. 14 or on the Museum's own page. Admission is free collecting the invitation previously at the Salón Teatro and Teatro Principal. The sessions at the Museum are of free admission until full capacity.

MOSTRA DE TEATRO DE CLUBS AFECCIONADOS

CENTROS E LOCAIS SOCIOCULTURAIS DE COMPOSTELA

27 - 30 XUÑO
Teatro Principal

O Teatro Principal acollerá as estreas dos grupos de teatro afeccionado que levan todo o ano traballando as súas pezas nos distintos Centros e Locais Socioculturais da cidade. Formacións de teatro infantil, xuvenil e adulto dan mostra do seu talento nun escenario emblemático, nesta iniciativa que pretende apoiar ao xénero e promover o consumo do teatro en todas as franxas de idade.

PROGRAMACIÓN NA PÁX 17
Programme on page 17

El Teatro Principal acogerá los estrenos de los grupos de teatro aficionado que llevan todo el año trabajando sus piezas en los distintos Centros y Locales Socioculturais de la ciudad. Formaciones de teatro infantil, juvenil y adulto dan muestra de su talento en un escenario emblemático, en esta iniciativa que pretende apoyar al género y promover el consumo del teatro en todas las franjas de edad.

The Teatro Principal will hold the premieres of amateur drama groups that have been working all year long on their pieces at the different Sociocultural Centers of the city. Infant, youth and adult formations will show their talent on an emblematic stage, in this initiative that aims to support the genre and promote theatre consumption in all age groups.

Entrada libre ata completar aforo

ARTE ART

+ info: compostelacapitalcultural.gal



Como peche das actividades que se veñen desenvolvendo con motivo da exposición MiiC, o director de animación, ilustrador e debuxante de cómics Alberto Vázquez (A Coruña, 1980) charlará co público que asista á proxección do filme Psiconautas. Esta é a súa primeira longametraxe, co-dirixida con Pedro Rivero, e fíxose co Goya á mellor longametraxe de animación en 2017.

MÁIS SOBRE MiiC PÁX 19
More about the exhibition on page 19

Para cerrar las actividades de la exposición MiiC, el director de animación, ilustrador y dibujante de cómics Alberto Vázquez (A Coruña, 1980) charlará con el público que asista a la proyección de la película Psiconautas. Este es su primer largometraje, codirigido con Pedro Rivero, y se hizo con el Goya al mejor largometraje de animación en 2017.

To close the activities of the MiiC exhibition, the ilustrator cartoonist and animation director Alberto Vázquez (A Coruña, 1980), will chat with the audience attending the screening of his movie Psiconautas. This is his first full-length film, codirected with Pedro Rivero, and was awarded best animated film in the 2017 Goya Awards.

OS MUNDOS DE CARLOS CASARES NA ZONA "C"

30 MAIO - 25 XUÑO
Mar - Sab | Tues - Sat: 16.00 -20.00h
Domingos | Sunday: 14.00 -19.00h

MÁIS SOBRE A EXPOSICIÓN NA PÁX 19
